

Índice de confianza do consumidor. Febreiro 2007.

COMUNICADO

Recuperación dos indicadores de confianza e sentimento do consumidor

Suben os saldos dos dous indicadores resumo da enquisa

O índice de confianza do consumidor acada neste segundo mes de 2007 un valor de -18,4. Este saldo supón un aumento de 3,3 puntos e é o mellor saldo, en termos absolutos, dos acadados en todos os meses de febreiro da historia desta enquisa; pode ser que agora comece o período de recuperación do índice que, como ven sendo habitual, prodúcese no primeiro semestre do ano e non parecía manifestarse en xaneiro de 2007.

O comportamento do índice de sentimento este mes de febreiro de 2007 novamente vai parello ao do ICC e con movementos máis suaves que o indicador de confianza; neste mes a subida é de 2,4 puntos con respecto ao mes pasado e presenta un saldo de -25,4.

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maiο	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
2007		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

A posibilidade actual de aforro sube sete puntos

Atopámonos neste mes de febreiro de 2007 cunha forte recuperación deste saldo con respecto ao mes anterior. De tódolos xeitos, o saldo máis estable e positivo da enquisa segue sendo o do nivel actual da situación financeira persoal que amosa un valor de 2,2.

No que respecta aos prezos seguimos tendo o comportamento habitual. A evolución pasada dos prezos presenta un valor moi inferior ás perspectivas de evolución dos mesmos, sendo ambos saldos negativos.

As perspectivas de evolución do emprego, tralo repunte típico das datas de Nadal, descendem en xaneiro, pero recupéranse de novo neste mes de febreiro de 2007. Vemos a evolución no seguinte gráfico.



Fonte IGE. Índice de confianza do consumidor



Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>